BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 16 DE FEBREIRO DE 2026 N.º 038

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

*Anuncio*

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|---|---|---|
| O VALADOURO | 2º-semestre-2024 | Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon da Auga e Canon xestión depuradoras Xunta de Galicia |

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 30 de xaneiro de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 16 de febreiro ata o día 16 de abril de 2026, ambos os dous incluidos.

Relación de tributos e concellos:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|---|---|---|
| O VALADOURO | 2º-semestre-2024 | Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon da Auga e Canon xestión depuradoras Xunta de Galicia |

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuíente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 30 de xaneiro de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0254

# CONCELLOS

## CERVO

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de febreiro de 2026, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de decembro de 2025 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 6º bimestre de 2025 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 16 de febreiro ao 20 de abril de 2026. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 10 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0386

## COSPEITO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

1º Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras , adoptado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27 de Novembro de 2025 ,e non sendo presentada, dentro do mesmo, reclamación algunha, elévase a definitivo dito Acordo de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2º o Acordo de modificación da referida Ordenanza que se recolle no texto anexo publicarase no Boletín oficial da Provincia, e entrará en vigor de acordo co establecido na súa disposición final.

3º de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Justicia de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste acordo e do texto integrado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**ANEXO**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE COSPEITO**

**ARTIGO 1. NORMATIVA APLICABLE.**

1. O Concello de Cospeito, de conformidade co número 1 do artigo 15, o apartado c) do número 2 do artigo59 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación no Concello de Cospeito do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2.O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras rexerase neste municipio:

a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas nos artigos 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan devandita Lei.

b) Pola presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito impoñible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa:

a. A obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non devandita licenza o , sempre que a súa expedición corresponda ao concello da imposición.

b. A comunicación previa de inicio de obras regulada no artigo 194.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia na redacción dada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro.

**ARTIGO 3. EXENCIÓNS.**

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

**ARTIGO 4. BONIFICACIÓN.**

1. Establécese a seguinte bonificación:

a) Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor das construcións, instalacións e obras nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando inplique creación de emprego, cos seguintes tramos:

1º.—Do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

2º.—Do 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo 3º.—Do o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados e presentar a seguinte documentación:

1) Escrito de solicitude

2) Certificación catastral do inmoble

3) Documentación sobre as licencias de obras, 1ª ocupación e de actividade

4) Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas

5) Documentación que xustique a creación de emprego

**ARTIGO 5. SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realice aquela. Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construcción., instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

2. No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas, presenten as correspondentes comunicacións previas, ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

**ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.**

1. A base impoñible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela. Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

A base impoñible para a confección da autoliquidación determinarase segundo os módulos valorativos quese incorporan a presente ordenanza como Anexos I e II.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame.

1. O tipo de gravame do imposto queda fixado no 2,16 %.

**ARTIGO 7. DEVENGO.**

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza ou á conformidade á comunicación previa presentada.

**ARTIGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.**

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar, ante este Concello, autoliquidación, segundo o modelo determinado polo mesmo, determinándose a base impoñible en función do orzamento calculado segundo os módulos valorativos que se incorporan a presente ordenanza como Anexos I e II, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ó acto declarativo de dereito a favor daqueles. A vista da comprobación polos servizos técnicos municipais do importe autoliquidado, o Concello poderá modificar a base impoñible practicando a correspondente liquidación complementaria e esixindo ó suxeito pasivo a contía que resulte.

2. Dita autoliquidación deberá ser presentada conxuntamente coa solicitude da oportuna licenza de obras ou urbanística, ou coa comunicación previa de inicio de obra, acompañando xustificante de abono en conta, a favor do Concello, en Caixa de Aforro ou Banco. Acompañándose *tamén* dun Presuposto onde se reflexe o custe da obra.

3.No caso de que a correspondente licenza urbanística sexa denegada, ou se comunique ao interesado que a comunicación previa carece de efectos por faltarlle algún requisito legal non subsanable, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas satisfeitas sempre que non se atope o dereito de devolución prescrito de acordo co previsto no artigo 66.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que aproba a Lei Xeral Tributaria.

4. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impoñible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándole, no seu caso, a cantidade que corresponda.

5. Unha vez realizado o ingreso do ICIO, só procederá a devolución da cota cando a obra ou actuación que motivou a solicitude non se realizou, previa comprobación efectiva da mesma, e non se atope o dereito de devolución prescrito de acordo co previsto no artigo 66.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que aproba a Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 9. INSPECCIÓN E RECAUDACCIÓN.**

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas demais disposicións que a desenvolven.

**DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA**

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor mentres non se acorde expresamente a súa modificación ou derrogación.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**ANEXO I MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MAIORES.**

a. Normas xerais, criterios de valoración

1. Un traballo considerarase incluíldo no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios. Só se aplicarán diversos módulos cando cada destino minoritario supere o 25% da superficie total; neste caso valorarase independentemente.
2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os iexes de medianeras compartidos se se dar o caso

b. Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edifición: Definicións:

**Mbu**.- Módulo básico en función do uso da edificación

**Sc**.- Superficie total construída en m2

**Ct.**- Coeficiente corredor en función do tipo de obra

**Mc.**- Módulo de construción ou de referencia.

**Oemb.**- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

**Oemp.**- Orzamento de execución material do proxecto. Módulo básico por uso:

**Mbu**

Establécese un prezo en €/m2 para o cálculo do custo de execución material da edificación segundo o uso característico ou predominante na edificación de acordo co establecido no apartado a).1 deste anexo. O seu valor será actualizado pediódicamente por acordo da Xunta de Goberno.

Establécense os seguintes módulos básicos:

| **Mbu** | **USOS DA EDIFICACION** Obra nova + B27 ou ampliación | **€/M2** |
|---|---|---|
| 1.- | Auditorios, Museos, Teatros, Hoteis 5*, Edificios bancarios | 744,00 |
| 2.- | Hospitais, Laboratorios, Igrexas | 697,50 |
| 3.- | Bibliotecas. Facultades e escolas universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais Aéreas ou fluviais. | 651,00 |
| 4.- | Clubes sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas. Discotecas. Colexios con residencia. | 604,50 |
| 5.- | Casas de cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade e Centro de día. Apartahoteles. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros | 558,00 |
| 6.- | Vivenda. Hoteis 2* Residencias universitarias. Moteis | 511,50 |
| 7.- | Residencias. Restaurantes. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas. | 645,00 |
| 8.- | Bares. Mercados | 418,50 |
| 9.- | Centros comerciais. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servicios de camping | 372,00 |
| 10.- | Edificios de apartamentos. Local comercial. Establecementos comerciais, industria escaparate | 302,25 |
| 11.- | Piscinas descubertas. Cemiterios | 232,50 |
| 12.- | Garaxes e aparcamentos. Estacións de servizo. | 186,00 |
| 13.- | Trasteiros. Pórticos, soportáis e terrazas abertas | 162,75 |
| 14,- | Almacén e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas. Naves. Granxas. Alpendres, Pendellos ou cubertos. Depósitos. Graderíos. Panteons ( por nicho) | 139,50 |
| 15.- | Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas camping. | 46,50 |
| 16.- | Xardíns. Camiños de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos. | 23,25 |
| 17.- | Demolicións e derrubos (aplicada á superficie total de plantas que se van a derrubar). Para cada calquera tipo de uso edificativo. | 13,50 |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**Superficie construida por uso: Sc**

Un traballo considérase ou non incluido no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no apartado a).1 deste anexo.

**Coeficientes por tipoloxía construtiva: Ct**

Establécese un coeficiente corrector en función do tipo de actuación construtiva, sendo os seguintes:

**CT TIPOLOCÍA CONSTRUTIVA**

| | |
|---|---|
| 1.- | En edificacións de nova planta e adicións ou ampliacións |
| 2.- | En obras de reform o rehabilitación |
| 1,20 | Rehabilitación total, incluíndo a desmontaxe de fachadas |
| 1,00 | Rehabilitación integral do edificio conservando a estrututa existente. |
| 0,65 | Reforma interior de instalación e distribución conservando a estrutura existente. |
| 0,50 | Reformas de elementos estruturais |
| 0,35 | Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpinterías e cerramentos (aplicado a superficie de fachada) |
| 0,30 | Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalación ou distribución (acabados). |

**Módulo de construcción ou de referencia: Mc**

É o valor en €/m2 que resulta de aplicar ao módulos básico Mbu o coeficiente corrector Ct en función da tipoloxía construtiva, segundo a seguinte fórmula:

**Mc=Mbu x Ct**

Nos casos nos que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aplicarse a medida entre os quemais se asemellan.

**Orzamento de execución material segundo módulo básicos: Oemb**

O orzamento de execución material segundo módulos básicos, obterase de aplicar á superficie total construída.

Se o valor de Mc obtido conforme ao apartado anterior, segundo a seguinte fórmula:

**Oemb: Mc x Sc**

O Pemb obterase como sumatorio dos resultados parciais do produto de Mc x Sc, cando concorran as circuntancias especificas no apartado a) 1 deste anexo.

**Orzamento de execución material de proxecto: Oemp**

Consideráse como tal o orzamento de execución material que figura no proxecto achegado polo solicitante, como resultado da suma da valoración de todas as unidades ou partidas de obra do proxecto, sen considerar os gastos xerais, beneficio industrial, honorarios profesionais nin I.V.E.

Utilizarase como base impoñible aos efectos do cálculo do ICIO o **Oemp** sempre que non resulte inferior ao

**Oemb.**

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**ANEXO II MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MENORES E OUTRAS ACTUACIÓNS**

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

Coste de execución material de unidades de obra:

| UD. | 1.- CERRAMENTOS, VALADOS DE FINCAS E ACCESOS | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| Ml | Peche con elementos vexatais | 7,00 |
| Ml | Peche delimitador de postes e arame | 12,25 |
| Ml | Peche de postes e malla e semellante | 18,35 |
| M2 | Peche de reixa de forxa, celosía ou semellante | 33,63 |
| M2 | Peche de bloque de formigón revestido ou semellante | 27,40 |
| Ml | Peche con chatos de lousa | 28,62 |
| M2 | Peche de cachotería ou sillería | 70,05 |
| M2 | Muro de contención de cachotería ou formigón en masa | 63,10 |
| M2 | Muro de contención de formigón armado | 68,00 |
| Ml | Paso salvacunetas mediante entubado de gabia e pavimentación | 22,15 |
| Ml | Rebaixe de bordillo para acceso de vehículos e vados | 14,19 |
| Ml | Cancela de acceso a parcela metálica, madeira ou semellante | 105,30 |
| Ud. | Execución de columna para contador de electricidade/auga | 210,00 |

| UD. | 2.- DEMOLICIÓNS E DESMONTAXE | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Picado de azulexados, aplacados, enfoscados ou semellante | 7,65 |
| M2 | Demolición de pavimentos de baldosas de pedra, cerámica ou semellante | 7,21 |
| M2 | Demolición de muro de cachotería ou apertura de oco en muro | 64.47 |
| M2 | Demolición de tabiquería interior ou apertura de oco interior | 4,88 |
| M2 | Demolición ou desmontaxe de entaboado de madeira | 7,06 |
| Ml | Demolición ou desmontaxe de entaboado de madeira, cangos e pontons | 14,75 |
| M2 | Desmontaxe de cubrición de cuberta de lousa, tella, chapa, fibrocemento ou semellante, con pp de canos e baiantes | 6,22 |
| M2 | Desmontaxe de entramado de madeira de cuberta, cangos e pontóns | 11,70 |
| M2 | Desmontaxe de mobiliario de cociña | 18,00 |
| Ud. | Desmontaxe de sanitarios de baño ou aseo | 40,00 |
| Ud. | Desmontaxe de instalación eléctrica, fontanería ou saneamento en vivenda. | 143,30 |
| Ud. | Demolición de cheminea sobre cuberta | 48,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| UD. | 3.- MOVEMENTO DE TERRAS E CANALIZACIÓNS | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Desbroce e limpeza de terreo | 2.75 |
| M3 | Excavación de terras en baleirado | 3.25 |
| M3 | Recheo estendido e compactación de terras en terraplénse ou explacións | 4,30 |
| Ml | Excavación ou apertura de gavias ou foxos | 4,54 |
| Ml | Recheo e compactación de gavias ou foxos. | 5,32 |
| Ml | Canalización soterrada para saneamento, auga, electricidade ou telecomunicacións, incluída a excavación e recheo de gavias ou foxos. | 22,80 |
| Ud. | Arqueta de rexistro para instalación soterradas, instalada | 110,25 |

| UD. | 4.- CUBERTAS E AZOTEAS ( medició en planta) | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Cubrición de cuberta con lousa, colocada sobre rastreis ou cangos con ganchos de aceiro | 32,86 |
| M2 | Cubrición de cuberta con tella cerámica, formigón ou semellante, con ganchos ou cravos de aceiro e/ou morteiro | 25,16 |
| M2 | Cubrición con cuberta con chapas de fibrocemento | 15,95 |
| M2 | Cubrición de cubera con chapas de aleación metálica ou semellante | 24,75 |
| M2 | Colocación de viguetas prefabricadas de formigón ou pontóns de madeira | |
| Ml | Cano ou baixante de PVC ou aluminio | 15,97 |
| Ml | Cano de chapa de zinc-cobre-titanio | 30,12 |
| Ml | Cano de chapa de aceiro prelacado | 26,36 |
| M2 | Lucernario ou xanela de cuberta tipo Velux ou semellante | 152,25 |
| M2 | Impermeabilización de terraza, balcón ou azotea existente con lámina asfáltica ou semellante, incluído illamento término | 32,21 |
| Ud. | Formación de cheminea sobre cuberta con fábrica revestida ou semellante, incluso elemento de coroación | 158,45 |

| UD. | 5- ALBANELERÍA E SOLLADOS | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Tabique de fábrica de ladrillo dunha folla recebado por ambas caras | 42,60 |
| M2 | Tabique de cartón xeso tipo Pladur | 38,59 |
| M2 | Extradorsado de paredes con placa de xeso laminado | 15,86 |
| M2 | Formación de cámara de aire con fábrica de ladrillo e illamento interior | 16,12 |
| M2 | Cerramento de dobre folla de ladrillo con illamento interior | 35,93 |
| M2 | Cerramento de fachada con muro de cachotería ou sillería | 88,65 |
| M2 | Cerramento de muro de fábrica de bloque | 24,20 |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| Ml | Chanzos de fábrica en formación de escaleira | 16,07 |
| M2 | Soleira de formigón | 18,23 |
| M2 | Recrecido de pisos con morteiro de cemento | 7,60 |

| UD. | 6.- PAVIMENTOS E REVESTIMENTOS INTERIORES E EXTERIORES | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Pavimento de beirarúa de baldosa hidráulica ou semellante, incluso pp de bordo | 20,59 |
| M2 | Pavimento de gres, terrazo, sintético ou semellante | 30,13 |
| M2 | Pavimento de madeira | 52,30 |
| M2 | Pavimento de pedra ou mármore | 61,10 |
| M2 | Chapado de pedra ou mármore en fachadas | 72,14 |
| M2 | Panolado de madeira en paramentos verticais | 35,51 |
| M2 | Azulexado de paramentos interiores | 22,67 |
| M2 | Revocadura con mortero monocapa | 20,50 |
| M2 | Rexuntado con mortero en fábrica de cachotería | 18,55 |
| M2 | Enfoscado ou recebo de paramentos verticais ou horizontais | 14,60 |
| M2 | Limpeza de fachadas por medios manuais ou mecánicos | 14,55 |
| M2 | Pintura en paramentos exteriores ou interiores | 8,67 |
| M2 | Falso teito liso de escaiola ou xeso laminado | 18,21 |
| M2 | Falso teito de madeira ou acústico (modular) | 31,32 |

| UD. | 7.- CARPINTERÍAS EXTERIORES E INTERIORES | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| UD. | Porta de entrada á vivenda de madeira maciza e/ou seguridade | 540,00 |
| Ud. | Porta de entrada á vivenda en aluminio lacado ou PVC | 383,80 |
| UD. | Porta de paso interior de madeira | 135,50 |
| M2 | Substitución ou colocación de carpintería exterior de madeira en formación de xanelas ou portas abalconadas | 179,26 |
| M2 | Substitución ou colocación de carpintería exterior de aluminio ou PVC en formación de xanelas ou portas abalconadas | 128,25 |
| M2 | Restauración de pintado/vernizado de carpintería de madeira existente | 17,05 |
| M2 | Acristalamento de vidro sinxelo en carpintería exterior | 31,35 |
| M2 | Acristalamento de vidro dobre en carpintería exterior | 68,15 |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| M2 | Acristalamento de vidro templado ou laminado de seguridade | 80,95 |
| M2 | Persiana de madeira ou PVC | 85,20 |
| M2 | Rexa metálica de seguridade en protección de portas ou xanelas | 92,00 |
| M2 | Toldo de tea con brazos abatibles | 160,86 |
| Ml | Verteaugas de pedra en oco exterior | 142,15 |
| Ml | Xamba o dintel de pdra | 75,80 |

| UD. | 8.- OBRAS DIRIXIDASA GARANTIR AS CONDICIÓNS HIXÉNICO SANITARIAS E DE HABITABILIDADE | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| | Instalación de fosa séptica con foxo filtrante en vivenda (para 6 ud. Persoas) | 1.150,00 |
| Ud. | Instalación de pozo de auga de barrena ou artesán | 1300,00 |
| M3 | Depósito de auga | 175,55 |
| Ud. | Quentador de instantáneo para producción de AQS, de gas | 250,00 |
| Ud. | Termo eléctrico para producción de AQS, de gas de ata 100 litros | 285,00 |
| Ud. | Conexión coa rede de saneamento | 85,00 |
| Ud. | Conexión coa rede de abastecemento de auga | 165,00 |
| Ud. | Renovación de instalación de saneamento baño/aseo | 152,00 |
| Ud. | Renovación de instalación de saneamento en cociña | 130,75 |
| Ud. | Renovación de instalación de fontanería en baño/aseo | 321,80 |
| Ud. | Renovación de instalación de fontanería de cociña | 295,65 |
| Ud. | Substitución de aparatos sanitarios en baño composto por bañeira/ducha, inodoro, bidé e lavabo, incluso billame | 691,36 |
| Ud. | Substitución de aparatos sanitarios en aseo composto por inodoro, e lavabo, incluso billame | 357,60 |
| M2 | Mellora ou substitución de instalación eléctrica en vivenda por cada m2 de superficie útil | 22,32 |
| M2 | Instalación interior de calefacción en vivenda por cada m2 de superficie útil | 64,95 |

| UD. | 9.- VARIOS | PREZO /UD. EN €. |
|---|---|---|
| M2 | Instalación de quioscos en vía pública | 284,12 |
| M2 | Instalación de cartel ou panel publicitario visible dende vía pública | 42,60 |
| M2 | Colocación de rótulo opaco | 339,64 |
| M2 | Colocación de rótulo luminoso | 414,58 |
| M2 | Construcción de marquesina | 284,12 |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| M2 | Construcción de alpendre ou galpón de fábrica, con superficie < 25 m2 de escasa entidade construtiva e técnica sinxela | 176,12 |
| Ud. | Construcción de escaleira de maderia entre dúas plantas | 568,24 |
| ML | Varanda de madeira ou metal en protección de ocos | 133,25 |
| UD | Instalación de grúa ou guindastre (montaxe/desmontaxe) | 825,00 |
| ML | Instalación de andamios | 12,00 |
| M2 | Construcción de silo | 78,50 |
| | Instalación térmica solar de producción de auga por m2 de superficie m2 de placas instaladas | 1080,00 |
| M2 | Instalación fotovoltaica solar de producción eléctrica por m2 de superficie de placas instaladas. Para instalación de ate 400 m2 de superficie de placas | 624,00 |
| M2 | Instalación fotovoltaica solar de producción eléctrica por m2 de superficie de placas instaladas. Para instalación de máis de 400 m2 de placas | 410,00 |
| M2 | Corte de árbores (porte medio) | 23,68 |
| Ud. | Descoutado de tocóns de árbores (porte medio) | 31,02 |
| Ud. | Plantación de árbores ornamentais de porte medio | 15,56 |
| M2 | Plantación de árbores en extensión superficial, incluso laboreo previo. | 2.17 |

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías aqui establecidas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo o una Base da Construcción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

Utilizarase como base imponible aos efectos do cálculo do Imposto sobre Construccións, Instalacións e obras o Orzamento de execución material do Presuposto presentado sempre que non resulte inferior ao Orzamento de execución material calculado según os módulos valorativos anteriores.

Cospeito, 9 de febreiro de 2026.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0353

*Anuncio*

**Procedemento: PROCESO SELECTIVO AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL C**

**Expediente núm.: 214/2025**

**LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS Y EXCLUÍDOS/AS**

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 11/02/2026, pola que se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 1 praza de auxiliar administrativo/a (subgrupo C2) da escala de administración xeral, subescala auxiliar.

Dando cumprimento ao establecido na cláusula 6 das bases reguladoras da convocatoria e do proceso selectivo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 171, de data 28/07/2025, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Cospeito:

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| ASPIRANTES ADMITIDOS/AS | | | |
|---|---|---|---|
| | APELIDOS E NOME | DNI | REALIZACIÓN PROBA GALEGO |
| 1. | RIOJA MIGUEZ, DAVID | **3454*** | SI<br>X NO |
| 2. | ESCARIZ CAMOIRA, ÁLVARO | **5482*** | SI<br>X NO |
| 3. | MARTÍNEZ DÍAZ, HERIBERTO | **5942*** | SI<br>X NO |
| 4. | HERNÁNDEZ VILLAVIEJA, VANESA | **9970*** | SI<br>X NO |
| 5. | SANTOS ALVAREDO, MÓNICA | **3294*** | SI<br>X NO |
| 6. | PÉREZ MURADO, MARTA | **5579*** | SI<br>X NO |
| 7. | CABANAS VEIRAS, MARÍA GABRIELA | **8349*** | SI<br>X NO |
| 8. | DOPICO NOVO, ALBA | **2889*** | SI<br>X NO |
| 9. | CASTEDO REY, JUAN JOSÉ | **5565*** | SI<br>X NO |
| 10. | CID FERNÁNDEZ, JOSÉ ALBERTO | **49792*** | SI<br>X NO |
| 11. | VÁZQUEZ MILLE, ANA MARÍA | **6389*** | SI<br>X NO |
| 12. | GESTO AREOSA, PABLO | **4356*** | SI<br>X NO |
| 13. | RIVEIRO LAGE, MARÍA PILAR | **5423*** | SI<br>X NO |
| 14. | ROUCO CUBA, NURIA | **5844*** | SI<br>X NO |
| 15. | ANSEDE RÍO, SUEVIA | **3477*** | SI<br>X NO |
| 16. | AMADO VERDES, CRISTINA | **5617*** | SI<br>X NO |
| 17. | DOPICO FURELOS, DIEGO ALFREDO | **7133*** | SI<br>X NO |
| 18. | DOPICO FURELOS, ADRIÁN | **7186*** | SI<br>X NO |
| 19. | FABEIRO VARELA, PAULA | **3218*** | SI<br>X NO |
| 20. | ADELAIDE TEIJEIRO, ANA BELÉN | **6388*** | SI<br>X NO |
| 21. | AIRA TOUZON, ALBA MARÍA | **5454*** | SI<br>X NO |
| 22. | DÍAZ PAZ, JOSÉ | **6946*** | SI<br>X NO |
| 23. | GARCÍA COUSO, DIEGO | **5597*** | SI<br>X NO |
| 24. | FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LORENA | **5806*** | SI<br>X NO |
| 25. | FONDO RODRÍGUEZ, CRISTINA | **3597*** | SI<br>X NO |
| 26. | SUÁREZ LÓPEZ, JORGE | **3442*** | SI<br>X NO |
| 27. | LÓPEZ MELLA, ANA BELÉN | **3320*** | SI<br>X NO |
| 28. | VIDAL CAL, RAQUEL | **5534*** | SI<br>X NO |
| 29. | VEIGA BLANCO, LUCÍA | **5405*** | SI<br>X NO |
| 30. | BANGUESES FERNÁNDEZ, GABRIEL | **9799*** | SI<br>X NO |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 31. | SOBRIDO GARCÍA, ELOY | **4855*** | SI<br>X NO |
| 32. | CELEIRO GARCÍA, LAURA | **2690*** | SI<br>X NO |
| 33. | HERBÓN FERNÁNDEZ, EVA | **3368*** | SI<br>X NO |
| 34. | ANDIÓN PENA, NANCY | **5482*** | SI<br>X NO |
| 35. | ANDIÓN PENA, JANET | **5482*** | SI<br>X NO |
| 36. | CABANA CASTRO, VANESA | **5369*** | SI<br>X NO |
| 37. | LAGO CASTRO, ALBA MARÍA | **5515*** | SI<br>X NO |
| 38. | MARIÑO BRAVO, JUAN JOSÉ | **7970*** | SI<br>X NO |
| 39. | LONGARELA RAMIL, ROCÍO | **5610*** | SI<br>X NO |
| 40. | CALZAVARA BOULLOSA, INÉS | **2786*** | X SI<br>NO |
| 41. | MARTÍNEZ PECIÑA, DAVID | **2990*** | SI<br>X NO |
| 42. | RODIL FERNÁNDEZ, MARÍA TERESA | **5816*** | SI<br>X NO |
| 43. | CALVO SOUTO, LAURA MARÍA | **7188*** | SI<br>X NO |
| 44. | DÍAZ DOMÍNGUEZ, LIDIA | **5615*** | SI<br>X NO |
| 45. | SINDE PAZ, ALBA | **2920*** | SI<br>X NO |
| 46. | GARCÍA FIGUEIRAS, MARINA | **5812*** | SI<br>X NO |
| 47. | ANDIÓN CUESTA, NATALIA | **5602*** | SI<br>X NO |
| 48. | FRAGA PARDIÑO, DAVID | **2884*** | SI<br>X NO |
| 49. | VÁZQUEZ IGLESIAS, MARÍA ARANZAZU | **5355*** | SI<br>X NO |
| 50. | ARROJO FERNÁNDEZ, PALOMA | **5562*** | SI<br>X NO |
| 51. | CABEZUELO VILLARÍN, MIRIAM | **5118*** | SI<br>X NO |
| 52. | RUBINOS REGUEIRO, RAQUEL | **5398*** | SI<br>X NO |
| 53. | CASTRO LÓPEZ, SILVIA | **5369*** | SI<br>X NO |
| 54. | ABRAIRA VEIGA, YANIRA | **5559*** | SI<br>X NO |
| 55. | FERNÁNDEZ MARTÍN, VANESA | **5580*** | SI<br>X NO |
| 56. | EXPÓSITO PÉREZ, SONIA | **5443*** | SI<br>X NO |
| 57. | FREIRE FREIRE, MARÍA | **3265*** | SI<br>X NO |
| 58. | PERNAS VAL, ANA | **8825*** | SI<br>X NO |
| 59. | TRILLO GONZÁLEZ, MARÍA BELÉN | **8040*** | SI<br>X NO |
| 60. | FERNÁNDEZ CARREIRA, INÉS | **2781*** | SI<br>X NO |
| 61. | VÁZQUEZ SALGADO, PAULA | **3076*** | SI<br>X NO |
| 62. | GARCÍA PEREIRAS, ANA BELÉN | **4436*** | SI<br>X NO |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 63. | IGLESIAS PADÍN, MARÍA NOELIA | **2881*** | SI<br>X NO |
| 64. | GARCÍA DOMÍNGUEZ, JOSÉ FRANCISCO | **0792*** | SI<br>X NO |
| 65. | RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL | **3365*** | SI<br>X NO |
| 66. | ROCHA GARCÍA, MARÍA | **3458*** | SI<br>X NO |
| 67. | MAGO MARCANO, KARIN | **3084*** | SI<br>X NO |
| 68. | PITA BARRO, DAVID | **5614*** | SI<br>X NO |
| 69. | RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, LAURA | **7348*** | SI<br>X NO |
| 70. | CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA | **6780*** | SI<br>X NO |
| 71. | MARTINEZ NEIRA, ANA MARÍA | **3351*** | SI<br>X NO |
| 72. | VILANOVA LÓPEZ, MÓNICA | **3356*** | SI<br>X NO |
| 73. | REIGOSA GÓMEZ, MARÍA PURIFICACIÓN | **3504*** | SI<br>X NO |
| 74. | PACIOS VILLAR, MARIA | **5367*** | SI<br>X NO |
| 75. | AMIGO CASTAñEIRA, ALBA | **7358*** | X SI<br>NO |
| 76. | CASTRO BLANCO, SILVIA | **1853*** | SI<br>X NO |
| 77. | FUNGUEIRIÑO PAZOS, JOSÉ LUIS | **3282*** | SI<br>X NO |
| 78. | AGRASAR MARTÍNEZ, MARÍA JESÚS | **1456*** | SI<br>X NO |
| 79. | LOUZÁN SAMBAD, ROSA MARÍA | **3211*** | SI<br>X NO |
| 80. | FERNÁNDEZ ARIAS, IVÁN | **2751*** | SI<br>X NO |
| 81. | CANO FARIÑAS, IRIA | **152762K | SI<br>X NO |
| 82. | GIL MARZÁBAL, RUBÉN | **5571*** | SI<br>X NO |
| 83. | CONDE COUSO, LUCÍA | **0860*** | SI<br>X NO |
| 84. | PÉREZ MOURIZ, IRIA MARÍA | **5436*** | SI<br>X NO |
| 85. | GONZÁLEZ FERRERO, LORENA | **4733*** | SI<br>X NO |
| 86. | GONZÁLEZ FERRERO, SONIA | **4733*** | SI<br>X NO |
| 87. | ALONSO LÓPEZ, LAURA | **5564*** | SI<br>X NO |
| 88. | LÓPEZ CASANOVA, TATIANA | **3398*** | SI<br>X NO |
| 89. | VAZQUEZ GARCÍA, VANESSA | **5489*** | SI<br>X NO |
| 90. | VALLES RECHOU, ANA INMACULADA | **2881*** | SI<br>X NO |
| 91. | PILLADO ROZAS, PAULA | **5377*** | SI<br>X NO |
| 92. | CANSEC0 SABUGO, MARÍA INÉS | **5264*** | SI<br>X NO |
| 93. | CARBALLIDO ALONSO, ISABEL | **3519*** | SI<br>X NO |
| 94. | PORTO ABELAIRAS, VANESSA | **5811*** | SI<br>X NO |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 95. | FERNÁNDEZ MEILÁN, MARÍA JOSÉ | **5422*** | SI<br>**X** NO |
| 96. | PERNAS QUIROGA, MARTA | **3442*** | SI<br>**X** NO |
| 97. | LOZANO NIETO-AGUIAR, ALBA | **5570*** | SI<br>**X** NO |
| 98. | VARELA MARTÍNEZ, LAURA | **9077*** | SI<br>**X** NO |
| 99. | FERNÁNDEZ LÓPEZ, MARÍA JOSÉ | **3352*** | SI<br>**X** NO |
| 100. | ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA | **5601*** | SI<br>**X** NO |
| 101. | TORRE MAHIA, LIDIA | **8803*** | SI<br>**X** NO |
| 102. | FERNÁNDEZ ÁLVAREZ-FERNÁNDEZ, MARÍA SONIA | **4305*** | **X** SI<br>NO |
| 103. | NOVO GEGÚNDEZ, LAURA | **5562*** | SI<br>**X** NO |

| **ASPIRANTES EXCLUIDOS/AS** | | |
|---|---|---|
| | **APELIDOS E NOME** | **DNI** |
| 1. | PARRILLA DEL RÍO, LUCÍA | **4367*** |
| 2. | LOPEZ FERNÁNDEZ, DIEGO | **5837*** |
| 3. | RODRÍGUEZ CARBALLO, MARÍA SHIRLEY | **3425*** |
| 4. | CANSINO RODRÍGUEZ, RUBÉN | **2824*** |
| 5. | CASTIÑEIRA CASTAÑO, NEREA | **2783*** |
| 6. | LÓPEZ MONTOYA, JUAN | **9577*** |
| 7. | GARCÍA FOLGUEIRA, LUCÍA | **5595*** |

**TERCEIRO.**- De conformidade co establecido na cláusula sétima das bases que rexen o proceso selectivo, a composición do tribunal cualificador queda como segue :

Presidenta: D.ª María Silva Taboada, Interventora do Concello de Cospeito

Suplente Presidente: Isabel María Pernas Sánchez, Interventora do Concello de Outeiro de Rei

Secretario: D.ª Ana María Rubiera Álvarez, Secretaria Xeral do Concello de Cospeito

Suplente: D.ª Cristina Castro Fuentes, Secretaria do Concello de Outeiro de Rei

Vocais(3):

- D.ª Cruz Anido Araújo, Auxiliar administrativa do Concello de Cospeito
- D.ª Rut Presas Pardo, Tesoureira do Concello de Cospeito
- D.ª Ana María Cabana Martínez, Administrativa do Concello de Cospeito

Suplentes de Vocais:

- D.ª Ana Belén Iglesias Rodríguez, Traballadora Social do Concello de Cospeito
- Dª Nerea Carreira Vázquez, ADL do Concello de Cospeito
- D. Armando López Rodríguez, Arquitecto técnico da Mancomunidade de Municipios “Da Terra Chá”

**CUARTO.- A data de realización do primeiro exercicio será :**

- **O luns 23 de febreiro de 2026 ás 10:00 horas, no edificio da Cámara Agraria de Feira do Monte, sito na Avda. Cidade de Veria**

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, pode Vde. interpor alternativamente os seguintes recursos:

Recurso de Reposición potestativo, ante o mesmo órgano que dictara este acordo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Cospeito, 11 de febreiro de 2025.- O alcalde-presidente, don Armando Castosa Alvariño.

R. 0387

## GUNTÍN

*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 10 de febreiro de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao quinto bimestre do ano 2020.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 10 de febreiro de 2026 ata o 10 de abril de 2026. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 10 de febreiro de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0354

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

## AS NOGAIS

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2026 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xaneiro de 2026.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0355

---

*Anuncio*

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 06/02/2026aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública, por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao de publicación do presente edicto no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entonces provisional.

As Nogais, 6 de febreiro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0356

---

## PALAS DE REI

*Anuncio*

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2026-0053, ditada o 6 de febreiro de 2026, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 4º Trimestre do 2025, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quice días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 28 de febreiro. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

Palas de Rei, 9 de febreiro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0357

# O PÁRAMO

*Anuncio*

**Expte: 44/2026**

**Expropiación campo da feira do Páramo**

**APROBACIÓN INICIAL DE RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR**

Don Benjamín García Toirán, Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de O Páramo, no exercicio por substitución das competencias da Alcaldía en aplicación do disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **EXPOÑO**:

Actualmente, o campo da feira do Páramo está calificado no Plan Básico Autonómico coma espazo libre, zona verde, equipamento.

Por outra banda, dito espazo está materialmente afecto ao uso público, se ben o Concello non é titular da totalidade da súa superficie.

Co gallo de executar as previsións contidas no planeamento urbanístico e obter os terreos afectados au uso público, compre iniciar expediente de expropiación forzosa daquelas parcelas que, estando calificadas como zoa verde, non son de propiedade municipal.

A utilidade pública da expropiación deriva da súa calificación como zoa verde e espazo libre no Plan Básico Autonómico.

A expropiación limítase ás parcelas calificadas coma tales en dito Plan.

En tanto a expropiación trae causa da execución do planeamento urbanístico, é de aplicación o disposto no artigo 85 LEF.

Asemade, o artigo 129 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, establece que os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais ou locais obteranse mediante expropiación fozosa.

Consultado o castastro inmobiliario e de conformidade co disposto no informe emitido polos servicios técnicos municipais, procede formular a seguinte relación de bens e dereitos a expropiar:

| Referencia catastral | Titular | Pol./Parc. | Paraxe | Superficie (m²) |
|---|---|---|---|---|
| 27043A006008300000LS | FOLGUEIRAS GARCIA JOSE MANUEL | 6 / 830 | Mouros | 2.223 |
| 27043A002000320000LU | LIZ LIZ PEDRO [HEREDEROS DE] | 2 / 32 | Pedregueiras | 2.830 |
| 27043A002000330000LH | BANDE CASTRO MANUEL | 2 / 33 | Pedregueiras | 677 |
| 27043A002000340000LW | FOLGUEIRAS GARCIA JOSE MANUEL | 2 / 34 | Regueiro | 7.951 |
| 27043A002000350000LA | LOPEZ FERNANDEZ DOLORES [HEREDEROS DE] | 2 / 35 | Pedregueiras | 108 |
| 27043A002000360000LB | RODRIGUEZ LIZ MANUEL | 2 / 36 | Pedregueiras | 341 |

De conformidade co disposto no artigo 18 da LEF, mediante resolución de data de 10 de febreiro de 2026 acordouse:

**PRIMEIRO**: Aprobar inicialmente a relación de bens e dereitos a expropiar.

**SEGUNDO**: Abrir un prazo de información pública de quince días habiles, durante os cales calquera persoa poderá achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue.

**TERCEIRO**: Informar que, de conformidade co disposto no artigo 20 LEF, Á vista das alegacións formuladas por quen compareza na información pública, o Pleno da Corporación, previas as comprobacións que estime oportunas, resolverá, no prazo máximo de vinte días, sobre a necesidade da ocupación, describindo na resolución detalladamente os bens e dereitos a que afecta a expropiación, e designando nominalmente aos

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

interesados cos que haxan de entenderse os sucesivos trámites. Só terán a condición de interesados para estes efectos as persoas definidas nos artigos terceiro e cuarto LEF.

E para que así conste, asina o presente

O Páramo, 10 de febreiro de 2026.- O primeiro tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0358

## QUIROGA

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2026, aprobou as bases reguladoras do proceso de selección por procedemento de oposición libre, para a cobertura en propiedade da praza de funcionario/a de Técnico Recursos Humanos (A2) correspondente á Oferta de Emprego Público 2025.

**BASES E CONVOCATORIA PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DE QUIROGA, DUNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DE XESTIÓN RECURSOS HUMANOS (A2) CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025.**

**BASES**

**PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria a selección, por oposición libre e mediante nomeamento como funcionario/a de carreira, da praza de técnico/a de xestión Recursos Humanos, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Quiroga do ano 2025, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 245, do venres 24 de outubro de 2025, e no Diario Oficial de Galicia núm. 216, do 07/11/2025.

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN: | TÉCNICO/A DE XESTIÓN RECURSOS HUMANOS |
| PERSOAL: | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA |
| GRUPO: | A |
| SUBGRUPO: | A2 |
| ESCALA: | ADMINISTRACIÓN XERAL |
| SUBESCALA: | XESTIÓN |
| NIVEL: | 26 |
| NÚMERO: | UNHA (1) PRAZA |
| OEP: | 2025 |

Estarase ao establecido no cadro de persoal municipal e no seu caso á valoración de postos de traballo en materia de definición, características, contido, réxime retributivo, etc., da praza convocada.

**SEGUNDA. Normativa.**

O proceso de selección rexerase polas presentes bases e pola seguinte normativa no que resulte de aplicación:

- Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local (R.D. 896/1991).
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (R.D. 364/1995).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes (L.O. 3/2007).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP);
- Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, polo que se establecen criterios xerais para adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

**TERCEIRA. Publicidade.**

1. A convocatoria xunto co texto íntegro das presentes bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOPL), no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Quiroga.

2. Posteriormente ás publicacións do apartado anterior, realizarase un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e por último no Boletín Oficial do Estado (BOE), con referencia á previa publicación no BOPL e que suporá o inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

3. Os restantes e sucesivos anuncios faranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Quiroga, agás as resolucións de aprobación da lista provisional e definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos e nomeamento e convocatoria/constitución do tribunal de selección, con publicación, así mesmo, no BOPL; así como a resolución de finalización do proceso e nomeamento do/a aspirante seleccionado/a, que se publicará no BOPL e no DOG.

**CUARTA. Requisitos dos/as aspirantes.**

Para ser admitidos/as á realización das probas selectivas será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do TREBEP:

a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.
b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza que se convoca.
c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
d. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
e. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, o título universitario de: Licenciatura, Grao Universitario, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalentes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro as persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
f. Nivel de galego Celga 4.

Os requisitos establecidos nestas bases deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e conservalos durante o proceso de selección ata o acordo polo que se resolva o procedemento selectivo, coa excepción do requisito do nivel de galego, que ao poder substituírse por unha proba, non é obrigatorio posuílo con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

**QUINTA. Forma e prazo de presentación de solicitudes.**

1. As solicitudes de participación nas probas selectivas deberán axustarse ao modelo oficial que se acompaña como Anexo II. Dirixiranse á alcaldía do Concello de Quiroga e presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Quiroga, ou en calquera das formas que se determinan no artigo 16.4 da LPAC.

2. O prazo de presentación das solicitudes de participación será de vinte (20) días hábiles contados a partir da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

3. As persoas solicitantes deberán achegar xunto coa solicitude de participación:

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

- Copia simple do Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do TREBEP.
- Copia simple da titulación esixida ou, no seu caso, documento acreditativo das taxas para a expedición da mesma.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá achegarse a credencial ou documentación acreditativa da súa homologación.
- Copia simple do certificado que acredite o nivel de lingua galega.
- Xustificante de ter aboada a taxa de inscrición, segundo a ordenanza fiscal vixente. Esta taxa acada o importe de 20 euros, e será aboada na conta do Concello de Quiroga na entidade ABANCA, co número: ES07 2080 0138 9231 1000 0015.

4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facelo constar na solicitude a fin de ter en conta as posibles adaptacións e axustes razoables de tempo e medios no proceso selectivo, segundo o previsto polo artigo 59.2 do TREBEP.

Para isto achegarán xunto coa solicitude a certificación do grao de discapacidade recoñecido expedida pola Consellería competente en materia de política social ou órganos competentes doutras Administracións Públicas que acredite dito grao e, no caso de solicitar a adaptación de tempos, o ditame técnico facultativo no que se fundamente a petición.

5. De conformidade co artigo 28.7 da LPAC, as persoas aspirantes serán responsables da veracidade dos documentos que acheguen xunto coa solicitude de participación.

**SEXTA. Admisión de aspirantes.**

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía aprobará a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, especificando neste último suposto as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

2. As persoas aspirantes excluídas ou omitidas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da listaxe provisional, para corrixir os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión. De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez dias hábiles dende a publicación da Resolución aprobatoria no BOP.

Dentro do mesmo prazo, aquelas persoas aspirantes que detectasen erros na consignación dos seus datos persoais poderán manifestalo aos efectos da súa corrección.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado neste apartado non corrixan o defecto que motivou a exclusión ou non presenten ningunha reclamación que xustifique o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas serán definitivamente excluídas da realización das probas.

3. Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, a alcaldía aprobará a resolución coa listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, xunto coa designación das persoas integrantes do tribunal de selección. Esta resolución publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

**SÉTIMA. Tribunal de selección.**

1. Por resolución da alcaldía nomearanse ás persoas integrantes do tribunal de selección o que corresponde cualificar e preparar as probas.

2. O tribunal de selección estará formado por cinco membros, coa seguinte composición: presidente/a, secretario/a e tres vocais, xunto cos seus respectivos suplentes.

As persoas integrantes do tribunal deberán pertencer a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar nas probas.

Non poderán formar parte do tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual.

A composición do tribunal responderá ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

A pertenza ao tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

3. As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de formar parte deste e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da LRXSP, notificándollo á alcaldía e, de conformidade co disposto no artigo 13 do RD 364/1995, calquera aspirante poderá recusalos, cando concorra algunha das ditas circunstancias.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

4. O tribunal non poderá constituírse nin actuar de xeito válido sen a presenza da presidencia e da secretaría, ou de quen, de ser o caso, os substitúan, sendo quórum suficiente a presenza de tres dos seus membros.

5. Os acordos do tribunal serán adoptados por maioría dos votos dos presentes. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. Os empates resolveranse polo voto de calidade da presidencia.

No demais e no que non fora previsto polas bases, o tribunal axustará a súa actuación ás regras determinadas nos artigos 15 e seguintes da LRXSP sobre actuación dos órganos colexiados das Administracións Públicas.

6. O tribunal queda vinculado ás presentes bases, sen prexuízo do cal corresponderalle resolver todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das mesmas, así como a resolución daquelas cuestións non previstas nelas.

7. O tribunal actuará con plena autonomía funcional, velando pola legalidade do procedemento e sendo responsable de garantir a súa obxectividade.

En calquera momento do proceso selectivo o tribunal poderá solicitar a acreditación dos requisitos esixidos na presente convocatoria, habilitando a tal fin un prazo de dez (10) días hábiles, e se algunha persoa aspirante non o cumprira ou non acreditara o requisito en prazo, previa audiencia da persoa aspirante, poderá propoñer a súa exclusión a alcaldía.

8. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas (e/ou colaboradores/as) con voz e sen voto. Os/as mencionados/as asesores/as limitaranse a prestar a súa colaboración técnica.

**OCTAVA. Sistema de selección.**

1. O procedemento de selección será o de oposición libre. A elección do sistema de ingreso por oposición xustifícase consonte o disposto no artigo 2 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, segundo o cal o ingreso na función pública realizarase con carácter xeral a través do sistema de oposición.

2. Os exercicios da oposición serán os que se indican a continuación, **todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio**, sen prexuízo da proba específica de coñecemento da lingua galega que só será obrigatoria para aquelas persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de lingua galega Celga 4 ou equivalente.

As persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios da oposición non poderán realizar os exercicios seguintes e quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 3 días naturais e un máximo de 45 días naturais.

Para poder superar o proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura da praza vacante convocada, as persoas aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición que lles resulten obrigados.

**Os exercicios dos que constará a oposición serán os seguintes:**

**Primeiro exercicio**. Unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel de coñecemento de lingua galega Celga 4 ou equivalente. Este exercicio consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun texto facilitado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, que resultará acorde ás características funcionais da vacante convocada e na que se deberá demostrar unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega requirido na convocatoria. Esta proba cualificarase como "APTA" ou "NON APTA". As persoas que non obteñan a cualificación de aptas nesta proba, quedarán eliminadas do proceso.

**Segundo exercicio**. Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do temario (Anexo I). O tempo de realización deste exercicio será de 50 minutos. Este exercicio cualificarase de cero (0) a catro (4). Cada pregunta correcta puntuará 0,08 puntos e cada pregunta incorrecta restará 0,0266 puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación mínima esixida para considerar superado o exame.

Facúltase ao tribunal para que poida poñer cinco preguntas de reserva, se que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituíran, pola orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

O cuestionario será determinado polo tribunal inmediatamente antes da súa realización.

**Terceiro exercicio**. Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá en resolver, nun tempo máximo de 2 horas

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

(120 minutos), un suposto práctico que proporá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. O suposto formulado polo tribunal versará sobre as materias comprendidas na parte específica do temario establecido no Anexo I.

O Tribunal poderá permitir a utilización de textos normativos non comentados para a realización deste exercicio. O Tribunal estará facultado para revisar os textos normativos empregados polas persoas aspirantes. En todo caso, non se permite o manexo de manuais, de libros de formularios nin de dispositivos dixitais.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superala, correspondéndolle ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para alcanzar a dita nota mínima. En todo caso, o tribunal valorará a capacidade de análise, a sistemática na formulación de conclusións, os coñecementos e, no seu caso, a adecuada interpretación da normativa aplicable ao caso concreto e a explicación razoada dos coñecementos teóricos no desenvolvemento e resolución do suposto práctico concreto.

3. As cualificacións provisionais resultantes da corrección de cada un dos exercicios anteriores faranse públicas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular as reclamacións ou alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidas, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de seren estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

4. A puntuación final do proceso selectivo obterase sumando as puntuacións definitivas acadadas en cada exercicio da oposición; suma final que só procederá nos casos das persoas aspirantes que teñan superado todos os exercicios da fase de oposición.

Nos supostos de empate entre as puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no terceiro exercicio. De persistir o empate, acudirase á maior puntuación no segundo exercicio e, de persistir, Orde de apelidos que determine, para o ano da convocatoria, a Secretaría de Estado para a Administración Pública mediante sorteo publico para a actuación das persoas aspirantes nas probas selectivas (Art. 1 7 do RD 364/1 995).

**NOVENA. Normas comúns do proceso selectivo.**

As probas desenvolveranse de acordo coas seguintes normas:

**a)** O chamamento as persoas aspirantes será único, sendo excluídas aquelas que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e que será apreciada e ponderada polo tribunal de selección.

**b)** Os chamamentos para realizar os exercicios da oposición levaranse a cabo mediante a publicación dun anuncio polo tribunal de selección no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. A data de realización do primeiro exercicio tamén se publicará no BOP.

**c)** As cualificacións dos exercicios da oposición publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

**d**) As reclamacións presentadas serán examinadas e resoltas polo tribunal de selección, notificando a súa resolución ás persoas interesadas a través do correo electrónico consignado na súa solicitude de participación, sen prexuízo de empregar outras formas de notificación no caso de ser preciso para asegurar a súa recepción pola persoa interesada.

**e**) No caso de que non se presenten reclamacións, as cualificacións provisionais quedarán elevadas a definitivas, declarándoo así o tribunal mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

**f**) Unha vez estimadas ou desestimadas as reclamacións presentadas por parte do tribunal, procederase a publicar as cualificacións definitivas.

**g**) As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas do seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou de calquera documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

A estes efectos, as persoas aspirantes poderán ser requiridas en calquera momento polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

**h)** Os exercicios da oposición realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes e os membros do tribunal.

**i)** Queda prohibido o uso de dispositivos dixitais polas persoas aspirantes durante a realización das probas.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**DÉCIMA. Cualificación final e proposta de nomeamento.**

Rematadas as probas, o tribunal de selección determinará a cualificación final das persoas aspirantes, que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no segundo e terceiro exercicio, elaborando a tal efecto a listaxe de persoas aprobadas por orde de puntuación, de maior a menor.

Establecidas as cualificacións finais, o Tribunal determinará a relación da persoa seleccionada, xunto coa proposta de nomeamento, tendo en conta a maior cualificación final obtida.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61 .8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta por orde de puntuación. Esta relación complementaria servirá tamén para a incorporación das persoas aspirantes nunha listaxe de emprego, de cara a prestar servizos temporais no Concello.

**DÉCIMO PRIMEIRA. Presentación de documentación.**

1. A persoa proposta polo Tribunal para o seu nomeamento presentará ante o Concello dentro do prazo de vinte (20) días dende ao que se faga pública a cualificación final e proposta de nomeamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

**a)** Copia auténtica do DNI ou equivalente.

**b)** Copia auténtica da titulación esixida para participar na convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase aportar a documentación acreditativa da súa homologación.

**c)** Declaración responsable de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase ou categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado.

**d)** Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias da praza.

**e)** Copia auténtica no nivel do idioma galego esixido.

2. As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados/as, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta de nomeamento complementaria ao que se refire a base novena, segundo a orde de puntuación.

**DÉCIMO SEGUNDA. Nomeamento como funcionario/a de carreira e toma de posesión.**

1. Á vista da documentación achegada pola persoa proposta, a alcaldía do Concello ditará resolución co seu nomeamento como funcionario/a de carreira na praza que corresponda, notificándoselle a tal efecto e ordenando a súa publicación no BOP.

2. A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento no BOP.

Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomara posesión dentro do prazo sinalado. Neste caso tamén entrará en xogo a proposta de nomeamento complementaria ao que se refire a base novena segundo a orde de puntuación.

**DÉCIMO TERCEIRA. Datos de carácter persoal.**

1. A participación no proceso selectivo obxecto destas bases implica o consentimento das persoas aspirantes para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no BOP, no taboleiro de anuncios/edictos, na sede electrónica e na páxina web municipal do Concello cando así o requira a correcta tramitación do procedemento.

2. Por aplicación do principio de finalidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e o número do DNI ou documento equivalente. As publicacións realizaranse respectando o disposto na Disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**DÉCIMO CUARTA.- Recursos.**

Contra a presente resolución de aprobación de bases e convocatoria, que pon fin a vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a data de publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Órgano Xudicial competente Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

contados dende a data de publicación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estimen procedente.

**DÉCIMO QUINTA. NORMA FINAL**

1. As presentes bases e convocatoria e cantos actos administrativos se sucedan no seu desenvolvemento, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quiroga, 10 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

**ANEXO I – TEMARIO**

**PRAZA DE TÉCNICO/A DE RECURSOS HUMANOS (A2)**

**PARTE XERAL (20 TEMAS)**

**Tema 1.** A Constitución Española de 1978: estrutura, principios xerais e dereitos fundamentais. A reforma constitucional. O principio de estabilidade orzamentaria.

**Tema 2**. A organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas e os Estatutos de Autonomía. A distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

**Tema 3**. A Unión Europea: orixe, evolución e institucións. Competencias da Unión Europea e incidencia no ordenamento xurídico español.

**Tema 4**. As persoas ante a actividade da Administración Pública. O interesado no procedemento administrativo: capacidade, representación e dereitos.

**Tema 5**. Transparencia da actividade pública e acceso á información. Protección de datos de carácter persoal no ámbito das Administracións Públicas. Portal de Transparencia.

**Tema 6**. O acto administrativo: concepto, elementos, clases, forma e motivación. A notificación e a publicación dos actos administrativos.

**Tema 7**. A eficacia e executividade dos actos administrativos. A autotutela administrativa. A execución forzosa.

**Tema 8**. A invalidez do acto administrativo: nulidade e anulabilidade. Conservación, convalidación e revisión de oficio.

**Tema 9**. O procedemento administrativo común: principios xerais, iniciación e medios electrónicos. Rexistros administrativos.

**Tema 10**. Instrución, ordenación e tramitación do procedemento administrativo. A tramitación simplificada.

**Tema 11**. Terminación do procedemento administrativo. Resolución expresa, silencio administrativo, desistimento, renuncia e caducidade.

**Tema 12**. Os recursos administrativos. Xurisdición contencioso-administrativa.

**Tema 13**. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas e do persoal ao seu servizo.

**Tema 14**. As subvencións nas Administracións Públicas: concesión, xestión, reintegro e control.

**Tema 15**. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica.

**Tema 16**. O municipio: concepto, organización municipal e funcionamento dos órganos locais.

**Tema 17**. As competencias municipais. Os servizos públicos locais e as formas de xestión.

**Tema 18.** A provincia no réxime local: a deputación provincial, a súa organización e competencias.

**Tema 19**. As facendas locais: orzamento, execución orzamentaria, estabilidade orzamentaria e recursos tributarios.

**Tema 20**. Seguridade, hixiene e saúde no traballo. Disposicións xerais. Breves consideracións ao redor dos fundamentos, principios e fins da Lei de Prevención de riscos laborais.

**PARTE ESPECÍFICA (40 TEMAS)**

**Tema 21**. A planificación estratéxica e operativa na Administración Pública. A xestión da calidade e a mellora continua.

**Tema 22**. A boa administración, a ética pública e o bo goberno. Códigos de conduta e compliance no sector público.

**Tema 23**. Os empregados públicos: clases, réxime xurídico e especialidades do emprego público local.

**Tema 24**. Dereitos constitucionais e estatutarios dos empregados públicos.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**Tema 25**. Políticas públicas de igualdade de xénero, non discriminación, diversidade LGTBI e atención ás persoas con discapacidade.

**Tema 26**. A ordenación do persoal: plantillas, relacións de postos de traballo e outros instrumentos organizativos.

**Tema 27**. A planificación dos recursos humanos: oferta de emprego público, plans de emprego e racionalización.

**Tema 28**. A taxa de reposición de efectivos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

**Tema 29**. O acceso ao emprego público: principios, requisitos e sistemas selectivos.

**Tema 30**. Procedementos de selección na Administración Local: Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, TREBEP e Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

**Tema 31**. A carreira profesional, a promoción interna e a avaliación do desempeño.

**Tema 32**. O réxime retributivo do persoal funcionario e laboral. Dereitos económicos e indemnizacións.

**Tema 33**. As situacións administrativas dos funcionarios públicos.

**Tema 34**. A provisión de postos de traballo, a mobilidade e a extinción da relación de servizo.

**Tema 35**. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario, incompatibilidades e responsabilidades.

**Tema 36**. Os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional: funcións e postos reservados.

**Tema 37**. A provisión de postos, situacións administrativas e réxime disciplinario dos habilitados nacionais.

**Tema 38**. O Dereito do Traballo: fontes, principios e aplicación ao sector público.

**Tema 39**. O contrato de traballo: partes, contido e modalidades contractuais. Sistema de comunicación cos servizos públicos de emprego (contrata).

**Tema 40**. A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**Tema 41**. Dereitos e deberes laborais. O salario, a xornada e o tempo de traballo.

**Tema 42**. A negociación colectiva e os convenios colectivos na Administración Pública. O costume.

**Tema 43**. A liberdade sindical, a representación do persoal e a participación institucional.

**Tema 44**. Os conflitos colectivos, o dereito de folga e os sistemas de solución.

**Tema 45**. A xurisdición social.

**Tema 46**. O sistema da Seguridade Social: estrutura, entidades xestoras e acción protectora.

**Tema 47**. Afiliación, altas, baixas e cotización á Seguridade Social sistema RED. O sistema de liquidación directa (SILTRA).

**Tema 48**. Bases e tipos de cotización. Cotización en situacións especiais.

**Tema 49**. A incapacidade temporal: xestión, prestacións económicas e mutuas colaboradoras.

**Tema 50**. O réxime de Seguridade Social do persoal funcionario e as clases pasivas.

**Tema 51**. A recadación, liquidación e infraccións en materia de Seguridade Social.

**Tema 52**. A prevención de riscos laborais: dereitos, obrigas e marco normativo.

**Tema 53**. A organización da prevención. Os servizos de prevención e a súa regulación.

**Tema 54**. A xestión da incapacidade temporal e a adaptación do posto de traballo por causa médica.

**Tema 55**. As infraccións e sancións na orde social. Especialidades na Administración Pública.

**Tema 56**. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: estrutura e contido esencial.

**Tema 57**. A normativa autonómica galega en materia de emprego público local.

**Tema 58**. A coordinación das Policías Locais de Galicia: marco normativo, funcións de coordinación, selección, formación, mobilidade e réxime estatutario.

**Tema 59**. O réxime xurídico da Policía Local: xubilación anticipada e coeficientes redutores.

**Tema 60**. A normativa anual de cotización e a actualización normativa en materia laboral e de Seguridade Social.

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

**ANEXO II**

**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN POR FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DUNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN RECURSOS HUMANOS (A2) CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025.**

| **Á ALCADÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE QUIROGA** | | |
|---|---|---|
| DNI/NIE | Apelidos e nome | Teléfono |
| | | |
| Domicilio (Rúa, camiño, praza, etc.) | Número, Piso, Porta.. | C .P. |
| | | |
| Poboación | Municipio | Provincia |
| | | |
| Correo electrónico | | |

**<u>EXPÓN:</u>**

Que, desexando participar no proceso selectivo para a provisión por funcionario/a de carreira dunha praza de técnico/a de xestión en intervención correspondente a OEP do Concello de Quiroga do ano 2025, DECLARO baixo a miña responsabilidade:

- Coñecer as bases e convocatoria que rexen o proceso selectivo.
- Reunir os requisitos xerais esixidos na base cuarta das bases reguladoras.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño do posto.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, ni atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionario. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente ni ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso á función pública.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Aceptar e someterme ás bases establecidas na presente convocatoria.

| Achégase a seguinte documentación: | |
|---|---|
| 1 | Copia simple do DNI ou equivalente. |
| 2 | Copia simple da titulación esixida para participar na convocatoria. (No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase aportar a credencial ou documentación acreditativa da súa homologación). |
| 3 | Copia simple do título/certificado que acredite o nivel de lingua galega. |
| 4 | Xustificante do pagamento da taxa de inscrición . |
| De conformidade co artigo 28.7 da LPAC, as persoas solicitantes serán responsables da veracidade dos documentos que acheguen xunto coa solicitude de participación | |

Á vista de canto antecede, SOLICITO a miña admisión para participar no proceso selectivo.

En ____________________, a _____ de ____________ de 2026.

Asinado:

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

R. 0359

## RÁBADE

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **4 de febreiro de 2026** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xaneiro de 2026**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 4 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 0360

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/038, de data 12 de febreiro, concluído o procedemento selectivo correspondente, efectuouse o nomeamento da seguinte persoa para cubrir, con carácter definitivo, a praza de Administrativo, funcionario de carreira, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín:

| **Nome e apelidos** | **DNI** |
|---|---|
| PASARÍN MAREY, ANDREA | ***8928** |

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, o artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e o artigo 25 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribeira de Piquín, 12 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0389

## SAMOS

*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 06.02.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XANEIRO/2026**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco dias, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 6 de febreiro de 2026.- A alcaldesa presidenta, D.ª María Jesús López López.

R. 0361

# ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

*Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de SOBER (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

II.- **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

| | |
|---|---|
| **SI** | **AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA** para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”. |
| **NON** | |

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980**, relativa a non estar inculpado nin procesado**.

V.- **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI.- **Profesión actual.**

**PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:**

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 10 de febreiro de 2026.- O secretario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0362

*Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de TRIACASTELA (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

II.- **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

| | |
|---|---|
| **SI** | **AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA** para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”. |
| **NON** | |

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980**, relativa a non estar inculpado nin procesado**.

V.- **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI.- **Profesión actual.**

**PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:**

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 10 de febreiro de 2026.- O secretario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0363

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – VIVEIRO

*Anuncio*

VIII PREMIO DE NOVELA VILAR PONTE CONCELLO DE VIVEIRO

BDNS (Identif.): 886336

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/886336)

Coa finalidade de rendir homenaxe aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e ao mesmo tempo, apoiar e difundir a literatura en lingua galega, o Concello de Viveiro convoca o VIII Premio de Novela Vilar Ponte.

As obras terán extensión e temática libre.

O prazo de presentación de orixinais iniciarase o día seguente ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios Dixital e finalizará o 30 de xuño de 2026.

Establécense dous premios: un primeiro premio, que consta de 4.000,00 euros, peza-recordo e diploma; e un segundo premio, que consta de 1.000,00 euros, peza-recordo e diploma. O importe dos premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente.

Viveiro, 10 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 0364

Anuncio publicado en: Num BOP 38 año 2026 (16/02/2026 08:00:00)